

# Instrución de manexo da rede de frío

Actualización xullo 2012





# Instrucción de manexo da **REDE DE FRÍO**

Actualización xullo 2012

Esta instrución pode ser consultada na páxina web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública:

**<http://dxsp.sergas.es>**

(en: áreas de traballo / enfermidades transmisibles / vacinas / cadea de frío)


## INSTRUCCIÓN

<b>ASUNTO</b>	Manexo da rede de frío. Actualización xullo 2012
<b>ORIXE</b>	DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN E XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA
<b>DESTINATARIOS</b>	Puntos de vacinación do Programa Galego de Vacinacións (PGV)
<b>DATA</b>	2 de xullo de 2012

## ÍNDICE

- [3]     Introdución
- [3]     Recepción das vacinas no punto de vacinación
- [4]     Almacenamento, uso e control das vacinas
  - A neveira de vacinas
  - A lectura das temperaturas
  - Colocación e control das vacinas
- [7]     Interrupción da cadea de frío
- [8]     Residuos vacinais
- [9]     Recomendacións básicas no manexo da rede de frío
- [11]    Anexo I: Rexistro de notificación de ruptura da cadea de frío (para enviar por correo electrónico ou fax)
- [13]    Anexo II: Recollida de vacinas para desbotar
- [15]    Anexo III: Rexistro mensual de temperatura máxima e mínima

## INTRODUCCIÓN




Considérase cadea de frío o conxunto de elementos e actividades necesarias para garantir a potencia inmunizante das vacinas desde que saen do laboratorio fabricante ata a súa administración á poboación.

Para o axeitado control da cadea de frío é primordial **designar unha persoa como responsable de vacinas en cada punto**, que estea familiarizada con todos os aspectos relativos á loxística e á termoestabilidade das vacinas.

## RECEPCIÓN DAS VACINAS NO PUNTO DE VACINACIÓN

- ⌘ Será motivo de rexeitamento das vacinas a entrega destas sen acondicionar (sen bolsas ou paquetes con acumuladores de frío). As vacinas entregaranse nos puntos coa **periodicidade establecida** entre o centro e a xefatura territorial de Sanidade correspondente. **O día habitual da entrega é o xoves** (salvo situacións excepcionais: campañas, festivos...).
- ⌘ Cando as vacinas chegan ao centro, o **responsable de vacinas** levará a cabo a súa recepción e a inspección rápida destas para verificar que o pedido está **conforme** no que respecta ao número de doses e tipo de vacina solicitado.
- ⌘ As vacinas entregaranse nos centros, acondicionadas en paquetes ou bolsas isotérmicas, **habitualmente sen indicador** dado o curto período de tempo comprendido entre a preparación do envío nos almacéns e a entrega nos puntos de vacinación, o que permite garantir a súa termoestabilidade.
- ⌘ Unha vez realizada a recepción deberase **selar e asinar con letra lexible o nome e apelidos da persoa que recibe o pedido**, así como a **hora de recepción** deste no albará do transportista.
- ⌘ **Inmediatamente**, deberanse **introducir as vacinas na neveira**.
- ⌘ No caso de rexeitamento das vacinas, anotarase no albará do transportista o motivo do rexeitamento e comunicarase de maneira urxente **calquera incidencia na entrega** á xefatura territorial de Sanidade correspondente.



# ALMACENAMENTO, USO E CONTROL DAS VACINAS

## A NEVEIRA DE VACINAS

Esta neveira será de uso exclusivo para o almacenamento das vacinas.

**Non se deben gardar nela alimentos líquidos ou sólidos nin ningún outro produto que non sexan vacinas.**

O PGV distribúe neveiras para almacenamento das vacinas desde hai anos (nestes momentos son sen conxelador).

Nas neveiras debe haber os seguintes elementos:

- ⌘ **Botellas de auga**, deben estar colocadas na parte inferior da neveira, para estabilizar a temperatura interna da neveira.
- ⌘ **Termómetro de temperatura máxima e mínima**, situado na parte central da neveira, separado das paredes. É imprescindible, de non existir ou ter problemas de funcionamento, contactar co PGV.

Nas neveiras con conxelador, ademais:

- ⌘ Vixiar que haxa **crióstatos ou acumuladores de frío**, que deben estar colocados, sen amorear, no conxelador.
- ⌘ Evitar que se acumule xeo no conxelador (non máis de 1 cm).


## A LECTURA DAS TEMPERATURAS

A temperatura correcta de almacenamento de calquera das vacinas debe estar comprendida entre +2 °C e +8 °C.

**A lectura débese facer polo menos dúas veces cada día**, unha ao comezo da xornada laboral e outra ao finalizar esta (modelos dispoñibles no anexo III).

Unha vez realizada a medición da temperatura, deberá ser **rexistrada diariamente**, co fin de garantir en todo momento o control desta e dispoñer de información precisa no caso de interrupción da cadea de frío.

Existen diversos tipos de termómetros para o control da temperatura. O PGV está a distribuír, nestes momentos, termómetros de máxima e mínima ecolóxicos, sen mercurio.



## INSTRUCCIÓN PARA A LECTURA DO TERMÓMETRO DE MÁXIMA E MÍNIMA

Este termómetro consta de:

- Dúas columnas unidas entre si, que sinalan a temperatura actual, que será a mesma tanto na columna da dereita como na da esquerda (a columna esquerda lese invertida).
- Dous fiadores situados dentro das columnas. Calquera desprazamento destas testemuñas indicaranos que houbo cambios na temperatura da neveira. Para realizar unha nova lectura débese apertar o botón central de maneira que as testemuñas ou fiadores queden pegados ao líquido.



**Lectura do termómetro:**


- ⌘ Temperatura máxima: a parte inferior do fiador da columna dereita é a que nos indica esta temperatura.
- ⌘ Temperatura mínima: a parte inferior do fiador da columna esquerda é a que nos indica esta temperatura.

Todo isto permitirá coñecer a temperatura máxima e mínima que acadou a neveira e facilitará a toma de decisión no caso de producirse unha ruptura na rede de frío de cara a aceptar ou rexeitar as vacinas afectadas.

Nestes casos, deberá anotarse, ademais das temperaturas máxima e mínima, a temperatura da neveira no momento de detectarse o incidente.

## COLOCACIÓN E CONTROL DAS VACINAS

- ⌘ Almacenar as vacinas máis termolábiles (as que se alteran máis facilmente pola calor, triple vírica, varicela) nas zonas máis frías da neveira, isto é, no estante superior.
- ⌘ Todas as vacinas se almacenarán evitando que toquen as paredes ou que se poidan conxelar.
- ⌘ Nunca se poñerán vacinas nos estantes da porta da neveira, a temperatura aquí non é estable.
- ⌘ Asegurar unha boa circulación de aire entre vacinas axuda a manter estable a temperatura.
- ⌘ Colocar as vacinas de maneira que as de uso máis frecuente e de caducidade máis curta resulten as máis accesibles.
- ⌘ Periodicamente, comprobar o stock existente co fin de asegurar a dispoñibilidade da vacina, evitando en todo momento os excesos de almacenaxe. O actual sistema de distribución permite que non sexa necesario acumular vacinas nos centros.
- ⌘ As vacinas non deben caducar nas neveiras, polo que hai que comprobar periodicamente, polo menos unha vez por trimestre, a súa data de caducidade. No caso excepcional de que, por algunha causa, unha vacina caducase no frigorífico, sacarase da neveira e procederase á súa eliminación segundo se especifica no apartado Residuos vacinais desta instrución (páxina 8).





## INTERRUPCIÓN DA CADEA DE FRÍO

Todo incidente de interrupción da cadea de frío debe **ser notificado inmediatamente**, vía telefónica, urxente, á xefatura territorial de Sanidade correspondente.



**A Coruña:**

Tel: 981 155 822 / 082 261 / 082 264 - Fax: 981 155 725  
corunavacinas.dlpc@sergas.es

**Lugo:**

Tel: 982 292 117 / 292 113 - Fax: 982 292 115  
\_DLL\_VACINAS@sergas.es

**Ourense:**

Tel: 988 066 347 / 066 337 / 066 332 - Fax: 988 066 302  
vacinas.sanidade.ourense@sergas.es

**Pontevedra:**


Tel: 986 885 826 / 885 824 / 885 185 - Fax: 986 885 802  
vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

Pontevedra en **Vigo:**

Tel: 986 817 232 / 817 233 / 817 724 - Fax: 986 817 627  
vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

## TOMARANSE AS SEGUINTE MEDIDAS:

- ⌘ Comprobar e anotar a temperatura actual, así como as temperaturas máxima e mínima acadadas.
- ⌘ Marcar e non utilizar as vacinas existentes nas neveiras implicadas ata recibir instrucións da xefatura territorial de Sanidade.
- ⌘ Se é posible, pasar as vacinas marcadas a outra neveira que estea en correcto funcionamento.
- ⌘ Cubrir sempre o formulario de notificación de ruptura da rede de frío (anexo I) e envío de forma urxente, por correo electrónico ou fax, á xefatura correspondente, non esquecendo cubrir todos os campos necesarios para poder determinar a validez ou non das vacinas implicadas.
- ⌘ Esperar instrucións da xefatura territorial de Sanidade sobre a validez das vacinas implicadas no incidente.



## RESIDUOS VACINAIS

As vacinas son residuos sanitarios do grupo III ou residuos sanitarios específicos ou de risco, que requiren medidas especiais de eliminación xa que poden representar un risco para a saúde.

Deberanse desbotar de forma adecuada as vacinas dadas por non válidas.

Todas as vacinas desbotadas deberán ser almacenadas fóra da neveira para a súa recollida e eliminación por parte do almacén distribuidor o derradeiro xoves de cada mes. Deberán ir acompañadas dun documento no cal se relacione o nome da vacina, número de doses, así como a causa do seu rexeitamento (anexo II).



Esta instrución está dispoñible  
na páxina web da Dirección  
Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública:  
<http://dxsp.sergas.es>  
en: áreas de traballo/ enfermidades transmisibles /  
vacinas / cadea de frío

Manuel Varela Rey  
DIRECTOR XERAL DE INNOVACIÓN E  
XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

Félix Rubial Bernárdez  
DIRECTOR DE ASISTENCIA  
SANITARIA

## RECOMENDACIÓNS BÁSICAS NO MANEXO DA REDE DE FRÍO

**Non atrasar as notificacións de calquera incidente** na cadea de frío

**Non colocar vacinas na porta da neveira**

**Non gardar alimentos**, líquidos ou sólidos, **nin ningún outro produto** que non sexan vacinas, nin sequera na porta da neveira

**Non abrir innecesariamente** a porta da neveira

**Non gardar vacinas caducadas na neveira**

**Non botar as vacinas nas papeleiras, nin en contedores sanitarios** existentes no centro (recollidas o último xoves de cada mes pola empresa distribuidora)



# NON DESENCHUFAR A NEVEIRA



# ANEXO I

## REGISTRO DE NOTIFICACIÓN DE RUPTURA DA CADEA DE FRÍO



Punto de vacinación: .....

Data e hora na que se detecta o incidente: Data  Hora

Temperaturas rexistradas: Actual  Máx.  Mín.

Horas estimadas de exposición:

### Causa da ruptura:

- Fallo na subministración eléctrica [especificar: sobrecarga, tormenta, etc.] .....
- Avaría da neveira       Porta aberta da neveira       Desconexión accidental da neveira
- Outras causas [especificar] .....

### Vacinas afectadas:

VACINA	Nº DOSE	LOTE	VACINAS AFECTADAS POR RUPTURA ANTERIOR
Hexavalente			<input type="checkbox"/> SI
Pentavalente			<input type="checkbox"/> SI
Meningococo C			<input type="checkbox"/> SI
Triple vírica			<input type="checkbox"/> SI
dTpa			<input type="checkbox"/> SI
Pneumo conxugada			<input type="checkbox"/> SI
Varicela			<input type="checkbox"/> SI
VPH			<input type="checkbox"/> SI
Td			<input type="checkbox"/> SI
Hepatite B infantil			<input type="checkbox"/> SI
Hepatite B adulto			<input type="checkbox"/> SI
Outras [especificar]			<input type="checkbox"/> SI

Persoa que comunica o incidente: .....

Data e sinatura: .....

REMITIR URGENTEMENTE, UNHA VEZ CUBERTO, Á XEFATURA TERRITORIAL DE SANIDADE CORRESPONDENTE



IMPRIMIR  
formulario  
para enviar por fax

XEFATURAS TERRITORIAIS DE SANIDADE

A CORUÑA. Fax: 981 155 725. LUGO. Fax: 982 292 115. OURENSE. Fax: 988 066 302.  
PONTEVEDRA. Fax: 986 885 802. De Pontevedra en VIGO. Fax: 986 817 627






# PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓNS

## RECOLLIDA DE VACINAS PARA DESBOTAR

Esta folla debe acompañar sempre o paquete das vacinas a desbotar, e ten que ser entregado á empresa distribuidora

 <b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>	
Código do punto	
Denominación do punto	
Persoa que fai a entrega	
Data da entrega	

VACINA E MOTIVO POLO QUE SE DESBOTA			
VACINA	Nº DOSES	MOTIVO	
		Ruptura da rede de frío	Caducidade

(Sinale cun x o motivo)









## REGISTRO MENSUAL DE TEMPERATURA MÁXIMA E MÍNIMA

Código do punto: \_\_\_\_\_ Responsable: \_\_\_\_\_

MES

ANO

DÍA	TEMPERATURA		
	ACTUAL NEVEIRA	MÁXIMA	MÍNIMA
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			
21			
22			
23			
24			
25			
26			
27			
28			
29			
30			
31			


A temperatura da neveira debe estar entre +2 °C e +8 °C



Identificación da neveira

## TEMPERATURAS

Gráfica mensual das temperaturas máximas e mínimas





galicia

Consellería  
de Sanidade

Innovación e Xestión  
da Saúde Pública

Instrución

19

D